<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaránse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecemento, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarse a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual eacuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

AULA VIRTUAL

A materia está ao dispor do alumnado no Moodle da Aula Virtual. En cada unidade figuran os contidos, actividades de desenvolvemento, repaso, reforzo e ampliación, así como enlaces a ferramentas e enderezos web útiles así como a outras actividades de interese. Está tamén a disposición do alumnado un servizo de comunicación vía streaming, que poderá utilizarse no caso de non poder garantir a presenza física.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Non hai
Fichas de actividades de consolidación: propostas na aula virtual
Fichas de actividades de reforzo: propostas na aula virtual
Fichas de actividades de ampliación: propostas na aula virtual
Materiais manipulativos: poderán utilizarse os do propio centro, así como construídos polo propio alumando
Dotación da aula: aula con pizarra dixital, ordenador e proxector, así como pizarra tradicional
Aula de informática: poderá utilizarse para a execución de determinadas tarefas
Software específico e aplicacións web (Geogebra, calculadora wiris na súa nova versión calcme)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con pizarra dixital e pizarra tradicional de rotuladores no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e na que se utilizarán tamén aplicacións web.

O alumnado poderá utilizar dispositivo electrónico propio (ordenador, tablet...) para a realización de tarefas ou consulta da aula virtual. De non dispoñer del, o centro poderá facilitarlle un.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial ao comezo do curso, orientada fundamentalmente a valorar actitudes e competencia do alumnado ante problemas matemáticos xenéricos, especialmente de cálculo, modelización de situacións cotiás, visión espacial, organización de datos ou razoamento lóxico. Terá lugar mediante unha proba escrita ou a través dun cuestionario na aula virtual. A cualificación obtida será orientativa, podendo ser cualitativa e non cuantitativa, e non se terá en conta para o cómputo da nota na avaliación.

Ao comezo de cada unidade, entrevistarase ao alumnado coa finalidade de coñecer o punto de partida, así como se é preciso reforzar determinados contidos antes do inicio de dita unidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	8	8	9	10	10	30	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	0	70
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	100	30

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 70% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas. O 30% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 9 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- A realización das actividades propostas, tanto na aula física coma na virtual (9%)
- As preguntas efectuadas de forma crítica polo alumnado na aula (3%)
- As respostas dadas de forma razoada polo alumnado ante cuestións propostas (3%)
- Análise crítica dos resultados obtidos nas probas de avaliación (3%)
- A entrega en tempo e con rigor e eficiencia de tarefas e outras probas (3%)
- Traballo en grupo (3%)
- Uso dunha linguaxe matemática correcta e xustificada (3%)
- Participación en actividades e eventos relacionados coa materia (3%)

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións, ben sexa feita cos valores reais de cada avaliación, ou coa notas redondeadas, sendo a nota final a maior delas. Para superar o curso, dita nota deberá ser igual ou superior a 5 sobre 10 e non ter ningunha avaliación suspensa.

Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación (nota inferior a 5 sobre 10) terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación, agás na terceira, na que poderá facelo no período entre a comunicación verbal da nota e a propia avaliación, que coincide coa ordinaria. En todos os casos, sempre a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada. Nas mesmas condicións, o alumnado que desexe mellorar a nota de avaliación poderá facelo presentándose a dita proba. A nota obtida nesta proba será a que se teña en conta como o 70% da avaliación correspondente (nota desa avaliación a efectos de cómputo de nota global).

Avaliación extraordinaria:

Cada alumna/o que non superase o curso na avaliación ordinaria deberá realizar tarefas de recuperación no período que segue á avaliación ordinaria. Estas tarefas serán avaliadas cun 20%. Haberá tamén unha proba escrita cos contidos traballados ao longo do curso que son obxecto de reforzo nese período na aula e que terá un valor do 80%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Teranse en conta todas as necesidades educativas comunicadas dende o Departamento de Orientación e a Titoría. A realización de probas, tanto na data, na forma e na duración das mesmas poderá variar para adaptarse o mellor posible ás circunstancias de cada alumna/o.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X
ET.7 - A creatividade	X
ET.8 - Educación para a saúde	X
ET.9 - A formación estética	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X

Observacións:

Garántese o traballo con todos os temas transversais dende dous eidos de traballo:

- a través dos enunciados das actividades e probas propostas, así como na linguaxe e forma de expresión diaria das/os integrantes da aula, contemplando sempre situacións reais e en consoancia cos 10 epígrafes.
- a través das actividades propostas dende a Vicedirección, nas que especificamente participará o alumnado desta materia, e que complementarán a experiencia do noso alumnado na consecución dos obxectivos do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Certame Fotografía Matemática IES Carlos Casares	Convocado polo propio centro, coa finalidade de potenciar a creatividade do alumnado.		X	X
Voluntariado do centro	Propónse ao alumnado a participación nos voluntariados de Biblioteca, Mediación Escolar, Eventos Deportivos, entre outros.	X	X	X
Semana da Orientación	Participación de todo Bacharelato, 2º ciclo ESO e FPB.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC.		X	

Observacións:

Proporase ao alumnado a participación en calquera actividade complementaria fomentada dende a Vicedirección do IES, sempre que sexa interesante para a formación integral do mesmo e viable (videoconferencias, certames, etc.)

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Medidas de atención á diversidade
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 157/2022 do 15 de setembro, hai que avaliar os "procesos de ensino" e a "propia práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

1. Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes.

Excelente: actividades variadas, conectadas coa realidade, e que garanten a aprendizaxe activa e coas novas tecnoloxías.

Conseguido: actividades variadas, conectadas coa realidade, uso de novas tecnoloxías.

Mellorable: actividades variadas, uso de novas tecnoloxías.

Non acadado: non hai moita variedade de actividades, e estas están en desconexión coa realidade.

2. Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.

Excelente: actividades graduadas en dificultade e feedback a través da aula virtual e no caderno ou outras probas.

Conseguido: actividades graduadas en dificultade e feedback a través da aula virtual ou no caderno ou outras probas.

Mellorable: actividades graduadas en dificultade.

Non acadado: non se adapta o nivel de dificultade ao alumnado.

3. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.

Excelente: corríxense na aula as actividades "tipo", outras actividades demandadas e todas as probas escritas, analizando con cada alumna/o os erros cometidos e acompañándoa/o no proceso de reflexión.

Conseguido: corríxense na aula as actividades "tipo" e todas as probas escritas, analizando con cada alumna/o os erros cometidos e acompañándoa/o no proceso de reflexión.

Mellorable: corríxense na aula alomenos o 50% das actividades "tipo" e todas as probas escritas, analizando con cada alumna/o os erros cometidos.

Non acadado: corríxense na aula menos do 50% das actividades "tipo" ou non se corrixe algunha proba escrita.

4. Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva.

Excelente: uso diario da aula virtual, uso habitual do tablet e de software específico para tarefas concretas.

Conseguido: uso diario da aula virtual, uso habitual do tablet para tarefas concretas.

Mellorable: uso diario da aula virtual a través do tablet.

Non acadado: non se usa a aula virtual nin outro recurso tecnolóxico.

5. Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente.

Excelente: realízanse tarefas individuais e en equipo, garantindo a participación de todos os membros, non só na elaboración, tamén na exposición.

Conseguido: realízanse tarefas individuais e en equipo, garantindo a participación de todos os membros na elaboración, nomeando en cada unha delas unha persoa responsable da exposición.

Mellorable: realízanse tarefas individuais e en equipo, nomeando en cada unha delas unha persoa responsable da exposición.

Non acadado: non se realizan tarefas en equipo ou ben non se garante a participación de todo o alumnado integrante nas mesmas.

6. Participación activa de todo o alumnado.

Excelente: en enquisa, o 100% do alumnado manifesta sentirse con comodidade na súa participación na aula.

Conseguido: en enquisa, entre o 80% e o 100% do alumnado manifesta sentirse con comodidade na súa participación na aula.

Mellorable: en enquisa, entre o 60% e o 80% do alumnado manifesta sentirse con comodidade na súa participación na aula.

Non acadado: en enquisa, entre menos do 60% do alumnado manifesta sentirse con comodidade na súa participación na aula.

7. Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces.

Excelente: os procedementos de avaliación son coherentes, reflectindo a realidade do traballo diario, e hai cando menos tres instrumentos de avaliación.

Conseguido: os procedementos de avaliación son coherentes, reflectindo a realidade do traballo diario, e hai cando menos dous instrumentos de avaliación.

Mellorable: os procedementos de avaliación son coherentes e hai cando menos dous instrumentos de avaliación.

Non acadado: os procedementos de avaliación son incoherentes ou non reflecten a realidade da aula, ou non hai máis ca un instrumento de avaliación.

8. Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas.

Excelente: exames e exercicios da aula virtual corrixidos aos 1-2 días, con retroalimentación.

Conseguido: exames e exercicios da aula virtual corrixidos aos 3-4 días, con retroalimentación.

Mellorable: exames e exercicios da aula virtual corrixidos á semana, con retroalimentación.

Non acadado: algún exame ou exercicio de aula sen corrixir ou sen retroalimentación.

9. Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa.

Excelente: en enquisa, o 100 % do alumnado manifesta ter recibida toda a axuda individualizada precisa.

Conseguido: en enquisa, entre o 80% e o 100 % do alumnado manifesta ter recibida toda a axuda individualizada precisa.

Mellorable: en enquisa, entre o 60% e o 80% do alumnado manifesta ter recibida toda a axuda individualizada precisa.

Non acadado: en enquisa, menos do 60% do alumnado manifesta ter recibida toda a axuda individualizada precisa.

10. Atención adecuada á diversidade do alumnado.

Excelente: aténdese á diversidade en colaboración plena co departamento de Orientación.

Conseguido: aténdese á diversidade a proposta do departamento de Orientación.

Mellorable: faise unha análise da diversidade da aula, podendo atender un 75% dos casos.

Non acadado: faise unha análise da diversidade da aula, podendo atender menos do 75% dos casos.

11. Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias.

Excelente: comunicacións periódicas informando sobre/a todo o alumnado.

Conseguido: comunicacións periódicas informando sobre/a o alumnado que non consegue obxectivos e alumnado a petición do titor.

Mellorable: comunicacións sobre/a o alumnado a petición do titor.

Non acadado: non hai comunicación periódica con alomenos un dos tres colectivos.

12. Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

Excelente: reunións periódicas co titor, orientadora e PT, tomas de decisións conxuntas, retroalimentación mútua.

Conseguido: envío de información ao titor e orientadora cando é demandada.

Mellorable: intervención nas xuntas de avaliación e outras reunións co titor, orientadora e PT.

Non acadado: non hai comunicación coa titoría e a orientación.

13. Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado.

Excelente: as canles de comunicación producíronse con todas as familias.

Conseguido: as canles de comunicación producíronse con aquelas familias que o demandaron e coas que o docente viu necesario.

Mellorable: as canles de comunicación producíronse con aquelas familias que o demandaron.

Non acadado: non se contactou con ningunha familia por ningunha vía.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación, os mecanismos e procedementos de avaliación, así coma calquera outro aspecto que requira mellora.

As observacións anotadas servirán para a redacción da versión mellorada desta programación no vindeiro curso.

9. Outros apartados